




XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL



Avda. de Marín, 9 - 36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 859 993
Fax: +34 986 859 936 / 986 853 015
www.oral.depo.es

ANUNCIO

CONCELLO DE MORAÑA

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO EXERCICIO 2012

Aprobados pola Dirección deste Organismo Autónomo os Padróns do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio 2012, poranse ó dispor do público no Concello de MORAÑA, desde o día 30 de marzo ata o 30 de abril de 2012, ámbolos dous inclusive (art. 86.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, RJAP e PAC), podendo os interesados, durante dito prazo, examinen os mesmos. Podendo presentar, no prazo dun mes, desde o 01 de maio ata o 01 de xuño de 2012, ambos inclusive, as reclamacións que estimen oportunas perante a Dirección do ORAL (art. 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004).

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO EXERCICIO DO 2012.

De conformidade co previsto no art. 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 23 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, de 29 de xullo de 2005 (Real Decreto 939/2005), comunícaselles ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do imposto indicado, para o Concello de MORAÑA, será do 31 de marzo ó 1 de xuño de 2012, ámbalas dúas datas inclusive, rematando o día 1 de xuño de 2012 no momento de peche da caixa de cada oficina bancaria (art. 19.3 do Regulamento Xeral de Recadación).

O imposto poderá satisfacerse, consonte co artigo 23 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, a través de calquera entidade bancaria ou na caixa dos Servizos Centrais do ORAL, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá, ata o día 01 de xuño de 2012, obter un duplicado na Oficina Periférica da Estrada (Av. Benito Vigo, 47 B, 36680 - A Estrada. Tlf. 986 57 02 62), nos Servizos Centrais - Servizo de Recadación (Avda. de Marín, 9-11. Tlf. 986 859 993 - 36071 - Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima o seu domicilio.


Os contribuíntes que a 15 de maio de 2012 non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o 01 de xuño de 2012 para os solicitar na oficina indicada e efectua-lo pagamento nas entidades bancarias ou nos Servizos Centrais, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da Lei 53/2003 Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Pontevedra, 14 de marzo do 2012

O DIRECTOR,



Deputación